



CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE SANIDADE, A EMPRESA PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E VIAQUA, PARA A REALIZACIÓN CONXUNTA DO PROXECTO DE I+D+I "SEGUIMENTO DA INCIDENCIA DA COVID-19 EN SANTIAGO DE COMPOSTELA A TRAVÉS DA SÚA DETECCIÓN NAS AUGAS RESIDUAIS URBANAS"

En Santiago de Compostela,

INTERVEÑEN

Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, na súa condición de presidenta da entidade, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade, nomeado polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en nome e representación da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, que intervéen en base ao sinalado no artigo 3 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, e de acordo coas competencias que lle corresponden segundo o disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela, segundo nomeamento efectuado polo Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG do 5 de xuño), en uso das atribucións que lle confire o artigo 85 dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG do 12/02/2014), que outorgan ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade de Santiago de Compostela.

Ana Tejeiro Sandomingo, na súa condición de xerente, actuando en nome e representación de Viaqua, en virtude de poder outorgado ante o notario de Madrid Andrés Villanueva Orea o 4 de abril de 2016 con número de protocolo 1474 e no exercicio das facultades que aquel lle confire. Entidade con sede en Rúa do Vilar nº 18, 15705 de Santiago de Compostela e NIF A-66141185.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e Viaqua, en adiante denominadas conxuntamente "as partes" ou "entidades participantes", declaran estar debidamente facultadas e coa capacidade necesaria para obrigarse nos termos deste convenio, a cuxo efecto



EXPOÑEN

1.- Que a entidade pública empresarial Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Augas de Galicia ten competencias para adoptar medidas de protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e correspóndenlle, como organismo de conca, as funcións de administración e control do dominio público hidráulico, conforme ao disposto na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo. No ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta entre outras.

2. Que a Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade obriga ás administracións públicas sanitarias a orientar as súas actuacións prioritariamente á promoción da saúde e á prevención das enfermidades. A mesma lei indica que as actividades e produtos que, directa ou indirectamente, poidan ter consecuencias negativas para a saúde sexan sometidos ao control das administracións públicas.

Por outra banda, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu artigo 49 configura á Saúde Pública como prestación sanitaria e, como tal, determina o seu contido, que abarca desde a medición do nivel de saúde da poboación e a identificación dos problemas e riscos para a saúde, a investigación das causas ou determinantes dos problemas de saúde que afectan á poboación a través do establecemento dos rexistros e análises de datos que, respectando a normativa en materia de protección de datos persoais, permitan analizar e coñecer as situacións que teñen influencias sobre a saúde, incluíndo o ámbito laboral. Nos rexistros que se elaboren, teranse en conta especialmente os casos de violencia de xénero, malos tratos infantís e calquera outra manifestación de violencia, incluíndo nas enquisas de saúde indicadores sobre esta materia, os estudos epidemiolóxicos, a prevención e control de enfermidades, ou a comunicación á poboación da información sobre a súa saúde e dos determinantes principais que lle afectan. Promoverase a cultura sanitaria entre a poboación, ata a prevención dos riscos para a saúde en casos de catástrofes ambientais.



De conformidade co Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, a dita Consellería “é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde”.

Dentro da Consellería de Sanidade, corresponde á Dirección Xeral de Saúde Pública a promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e o desenvolvemento de programas sanitarios en materia de saúde pública.

A súa misión é a mellora da saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria. Para iso, identifica perigos para a saúde, os problemas de saúde e as poboacións máis susceptibles; avalía os riscos asociados aos perigos e os problemas de saúde identificados; vixía e monitoriza os perigos, os riscos e os problemas de saúde que afectan á poboación galega e, de acordo coas políticas de saúde da Comunidade Autónoma de Galicia, propón, planifica e, se procede, desenvolve programas e actuacións para controlar os riscos de enfermarse ou morrer prematuramente. Correspóndelle á Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde, a aplicación das directrices da Dirección Xeral de Saúde Pública en materia de planificación e coordinación dos programas que actúen sobre os factores ambientais determinantes da saúde da poboación galega.

3. Que a Universidade de Santiago de Compostela (USC) é unha entidade de dereito público que ten como fins prioritarios o fomento da investigación e a innovación, así como a transferencia á sociedade. Para o cumprimento destes fins, a Universidade de Santiago de Compostela mantén relacións con centros de investigación e con institucións culturais e sociais e promove a celebración de convenios de investigación e transferencia tecnolóxica e de coñecemento con entidades e organismos públicos e privados, así como de traballos de carácter científico, técnico, artístico ou docente.

4. Que Viaqua é unha compañía mercantil que conta entre as súas funcións as de promoción, xestión e explotación de toda clase de concesións administrativas.

Que a citada compañía conta con gran experiencia e coñecementos no campo de explotación, mantemento e conservación de estacións depuradoras de augas residuais e redes de colectores, contando para iso con persoal altamente cualificado para os labores tanto de control e supervisión do proceso depurativo, como de mantemento das instalacións. Dentro da súa responsabilidade social corporativa atópase dar resposta ás demandas da sociedade. Para cumprir esa necesidade desenvolveu e ideou este proxecto. Neste proxecto achega o seu coñecemento e experiencia no sector das augas



residuais, persoal técnico para a elección de mostraxe en campo e elaboración de informes técnicos.

5.- Que, considerando que as liñas de traballo e investigación indicadas nos expositivos anteriores son complementarias e ofrecen a posibilidade de desenvolver avances interdisciplinares de impacto na materia, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Sanidade, Augas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e Viaqua están interesadas en colaborar mutuamente para levar a cabo investigacións sobre a presenza de virus SARS-CoV-2 mediante análise en redes de saneamento da Cidade de Santiago de Compostela e na EDAR da Silvouta.

6.- Que a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, regula no seu artigo 34 a posibilidade de que os axentes públicos de financiamento ou execución do sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación, incluídas as administracións públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas polas administracións públicas, os organismos de investigación doutras administracións públicas e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poidan subscribir convenios administrativos entre eles ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta de, entre outras, as seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.*
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.*
- f) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación.*

Pola súa banda, o artigo 39 do Real Decreto-lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, estableceu un réxime especial de tramitación e entrada en vigor dos convenios relacionados coa COVID-19, ao que se suxeita este convenio.

7.- Que, en atención a todo o exposto, estímase necesaria e xustificada a subscripción dun convenio que supoña a posta en común, distribución e utilización conxunta e/ou coordinada de medios, servizos e recursos pertencentes a cada unha das entidades participantes e a súa ordenación para un fin compartido, baixo as premisas de interdisciplinabilidade e eficiencia na xestión dos recursos.

Polo anteriormente exposto, os intervenientes acordan a subscripción deste convenio para a realización conxunta dun proxecto de investigación, que se rexerá polas seguintes,



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer a colaboración científico-técnica entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Sanidade, a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela e a mercantil Viaqua, na realización conxunta do proxecto de I+D+i “Seguimento da incidencia da COVID-19 en Santiago de Compostela a través da súa detección nas augas residuais urbanas”, consistente nas investigacións necesarias para:

- Validar un sistema de determinación de tendencias epidemiolóxicas na poboación a partir da cuantificación do material xenético do virus SARS-CoV-2 nas augas residuais de entrada na estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Silvouta.
- Investigar o comportamento do material xenético do virus nos diferentes compartimentos a través da estación depuradora nun contexto de alta incidencia da enfermidade na poboación.
- Cuantificar o material xenético do virus SARS-CoV-2 en distintos sectores críticos e de interese na rede de saneamento que desemboca na EDAR de Silvouta co fin de vixiar a evolución da enfermidade en distintas zonas da rede de saneamento municipal.

En particular, o convenio regula os compromisos das partes para a execución conxunta do proxecto, incluíndo a organización do traballo, a xestión e xustificación do proxecto, os dereitos e obrigas das partes, a distribución dos fondos e a titularidade dos resultados, así como a responsabilidade e a resolución dos posibles conflitos.

SEGUNDA. OBRIGAS DAS PARTES

1. A realización das tarefas obxecto do proxecto detállase nun plan de traballo, obrigándose cada unha das partes para achegar e implementar os medios técnicos, humanos e materiais necesarios para a adecuada consecución dos obxectivos propostos e asumindo as seguintes obrigas xerais:

- Desenvolver as tarefas previstas no plan de traballo que se anexa a este convenio e de acordo coa metodoloxía, o cronograma e os prazos que nel se detallan.
- Entregar ao resto de entidades participantes tanta información sexa necesaria para o correcto desenvolvemento das diferentes actividades de I+D+i.
- Comunicar con celeridade ao resto de participantes, servíndose se fose preciso do mecanismo de seguimento, calquera información importante, feito, problema ou atraso que poida afectar adversamente o proxecto. Así mesmo, as partes proporcionarán sen demora toda a





información que o mecanismo de seguimento requira razoablemente para levar a cabo as súas tarefas.

- Facilitar os medios e as infraestruturas necesarias para a realización dos ensaios e/ou traballos segundo a planificación prevista.
- Elaborar os informes e entregables xerados durante a evolución das investigacións realizadas nos prazos e forma que se describen no plan de traballo.
- Garantir a protección dos resultados da investigación e promover a difusión que, no seu caso, proceda.

TERCEIRA. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS DE INVESTIGACIÓN

1. Cada unha das partes desenvolverá na súa propia sede e instalacións os traballos de investigación que lle corresponda.

Con todo, poderá autorizarse o desprazamento esporádico ou non permanente de persoal dunha delas á sede ou instalacións doutra, sempre que forme parte do equipo de investigación ou de traballo do proxecto e cando así o aconselle ou esixa o seu bo fin, o que se formalizará mediante as autorizacións de estancia, comisións de servizo ou outras que procedan conforme á normativa de cada unha das partes implicada.

2. Os responsables do proxecto terán a obriga de informar aos órganos competentes da institución á que pertencen as estancias temporais que vaian realizarse en aplicación deste convenio, co fin de que poidan tramitarse as autorizacións, comisións de servizos e demais actuacións que procedan, así como verificar e controlar o cumprimento das obrigas que se recollen no seguinte apartado.

3. O persoal de calquera das partes que realice as súas actividades mediante unha estancia temporal nas instalacións da outra:

- Manterá sempre a súa independencia orgánica e funcional respecto da entidade participante en cuxas instalacións realice a estancia, sen que de ningún xeito poida adquirir dereitos laborais, salariais ou de índole análoga respecto da dita entidade por tal feito nin pola colaboración conxunta que implica o obxecto deste convenio. A independencia funcional non impedirá a correcta organización na asignación de tarefas e na forma de levalas a cabo por parte de quen sexan os responsables e os executores do proxecto segundo a xerarquía que se estableza e as necesidades de cada momento.
- Deberá estar en situación de alta nalgún réxime público de seguridade social ou asimilado e contará cun seguro de responsabilidade civil (ou mecanismo de responsabilidade por danos equivalente) e calquera outro que puidese ser preciso en atención á natureza e riscos das tarefas para desenvolver, segundo a normativa vixente respecto diso. As obrigas anteriores serán por conta da parte á que, en cada caso, pertenza o citado persoal, quedando exonerada a parte que acolle ao





persoal en estancia temporal de calquera responsabilidade -sexa cal fose a súa natureza- que puidese derivarse da actividade que realice o citado persoal nas súas instalacións.

- Cumprirá coas indicacións en materia de prevención de riscos laborais que se lle realicen, para o que as entidades participantes serán responsables do cumprimento da normativa en materia de prevención de riscos laborais en relación coa estancia temporal e, en concreto, do Real Decreto 171/2004, do 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.
- Deberá respectar, ademais, mentres dure a estancia temporal as normas internas sobre uso de instalacións e equipamentos, horarios, trámites procedimentais, etc.

CUARTA. ORZAMENTO DO PROXECTO, DISTRIBUCIÓN DE FONDOS E EXECUCIÓN

O custo total estimado para levar a cabo o proxecto de forma conxunta valórase economicamente nun total de cento dez mil seiscientos vinte euros (110.620,00 €) conforme á seguinte distribución:

Concepto	Importe (en euros)
Dedicación de persoal da USC	15.000
Dedicación de persoal, toma de mostras e analíticas de Viaqua	8.500,00
Cuantificación de material xenético (264 mostras)	76.665,60
Analíticas de E.coli (144 mostras)	1.742,40
Análise do indicador crAssphage (120 mostras)	8.712,00
TOTAL	110.620,00

O financiamento do proxecto realizarase a través das contribucións de cada unha das partes de acordo con o seguinte cadro de achegas:





Entidade	Concepto	Importe (en euros)
Augas de Galicia	Achega económica para os gastos da USC	43.560,00
Consellería de Sanidade	Achega económica para os gastos da USC	43.560,00
USC	Traballo dos seus investigadores	15.000
Viaqua	Traballo do seu persoal, realización de toma de mostras e analíticas	8.500,00
TOTAL		110.620,00

Estas valoracións económicas son equilibradas e non representan contraprestacións económicas.

A Consellería de Sanidade comprométese a pagar á USC, á consecución dos obxectivos fixados e con cargo á partida orzamentaria 1202.413A.640.3, na que existe crédito adecuado e suficiente, a cantidade de corenta e tres mil cincocentos sesenta euros (43.560€ = 36.000€ + 7.560,00€ do IVE) no mes de decembro de 2021, logo da entrega dunha memoria da USC na que se xustifiquen as mostras analizadas e os traballos realizados en relación á cuantificación de material xenético, analíticas de E.coli e análise do indicador crAssphage e unha vez presentada a factura debidamente conformadas pola Consellería de Sanidade.

Augas de Galicia comprométese a pagar á USC, á consecución dos obxectivos fixados e con cargo á conta financeira 6232, estudos e traballos técnicos, na que existe crédito adecuado e suficiente, a cantidade de corenta e tres mil cincocentos sesenta euros (43.560€ = 36.000€ + 7.560,00€ do IVE) no mes de decembro de 2021, logo da entrega dunha memoria da USC na que se xustifiquen as mostras analizadas e os traballos realizados en relación á cuantificación de material xenético, analíticas de E.coli e análise do indicador crAssphage e unha vez presentada a factura debidamente conformadas por Augas de Galicia.

As achegas da USC e Viaqua son os gastos internos de execución do convenio de cada un, que son valorados polo importe reflectido.

QUINTA. CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E DOS RESULTADOS

1. As partes comprométese a manterse reciprocamente informadas, tanto dos avances científico-técnicos alcanzados, como de calquera outro resultado que sexa relevante para a consecución do bo fin do proxecto.

2. Así mesmo, cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas, técnicas ou comerciais





pertencentes ás outras partes ás que puidesen ter acceso no desenvolvemento das actuacións realizadas ao amparo de este convenio, incluído todo o persoal participante nos traballos obxecto do mesmo, salvo que:

- a) A información recibida sexa de dominio público.
- b) A parte receptora poida demostrar que coñecía previamente a información recibida.
- c) A parte receptora adquirise esta información dun terceiro sen compromiso de confidencialidade.

3. Os datos e informes obtidos durante a realización do proxecto, así como os resultados finais, terán carácter confidencial. Cando unha das partes desexe utilizar os resultados parciais ou finais, en parte ou na súa totalidade, para a súa publicación como artigo, conferencia, etc. deberá solicitar a conformidade das demais partes por escrito, mediante calquera medio válido en dereito que permita acreditar a súa recepción polo responsable de cada unha no seguimento do proxecto.

As partes deberán responder nun prazo máximo de trinta días, comunicando a súa autorización, as súas reservas ou a súa desconformidade sobre a información contida no artigo ou conferencia. Transcorrido o devandito prazo sen obter resposta, entenderase que o silencio é a tácita autorización para a súa difusión.

Como principio xeral de entendemento, estimarase que non poderá ser difundida, nin presentada a público coñecemento, ningunha información que puidese menoscabar os dereitos de propiedade intelectual ou industrial, incluída aquela que se decida protexer como segredo empresarial, que se deriven da investigación común. Por iso, aqueles resultados que, non sendo en si mesmos obxecto de patente ou outra forma de protección, puidesen inhabilitar, pola súa publicación ou difusión, o recoñecemento de propiedade sobre unha obra, proceso, produto ou modelo de utilidade, deberán ser considerados como materia reservada e non difundible.

4. Sen prexuízo do anteriormente establecido, a parte que reciba información confidencial das outras poderá revelala cando tal revelación obedeza a un requirimento ou petición formal por parte dunha autoridade xudicial ou calquera outra autoridade gubernamental, sempre que previamente se lle notifique tal petición á parte que a revelara e se lle dea (de ser posible) a oportunidade de opoñerse á necesidade da devandita revelación e/ou se lle permita solicitar unha orde protectora ou medida cautelar ao obxecto de que a información confidencial revelada en virtude desa petición se utilice única e exclusivamente para o obxecto que se ditou no devandito requirimento legal.

5. As partes comprométense a que todo o seu persoal coñeza e observe o compromiso de confidencialidade regulado por esta cláusula.



SEXTA. COÑECEMENTOS PREVIOS DAS PARTES

Cada parte seguirá sendo propietaria dos coñecementos previos achegados ao proxecto. En virtude deste convenio non se entenden cedidos a outras partes ningún dos coñecementos previos achegados ao proxecto.

Enténdese por coñecementos previos todo dato, coñecemento técnico ou información, calquera que sexa a súa forma ou natureza, tanxible -a título de exemplo, material biolóxico ou químico- ou intanxible, incluído todo dereito, como os dereitos de propiedade industrial e intelectual pertencente a algunha das partes con anterioridade á entrada en vigor do convenio e que sexa necesario para a execución do proxecto ou para a explotación dos seus resultados.

Cada unha das partes concede ás outras unha licenza non exclusiva de uso dos coñecementos previos unicamente para levar a cabo tarefas de investigación no marco deste convenio.

SÉTIMA. PROPIEDAD DOS RESULTADOS

1. No caso de que a actividade, investigadora ou doutro tipo, desenvolvida como consecuencia desta colaboración producise resultados susceptibles de protección mediante patentes ou outras formas de propiedade industrial ou intelectual, a súa titularidade corresponderá ás entidades asinantes do convenio en proporción á súa participación directa na obtención do resultado, para o que se terá en conta ademais o previsto no plan de traballo e na cláusula cuarta deste convenio.

Os resultados do proxecto obxecto do presente convenio, ou partes del que puidesen ter consideración independente, serán propiedade da entidade ou entidades que o xeraran expresamente.

En canto ás distintas técnicas e metodoloxías de investigación desenvolvidas no transcurso do proxecto e como consecuencia del quedarán a libre disposición das entidades participantes para o seu uso e emprego, con carácter xeral, en novas investigacións.

2. Obedecendo ao carácter das entidades asinantes e ao obxecto deste convenio, na utilización dos resultados, parciais ou finais, susceptibles de ser explotados comercialmente, as entidades participantes ostentarán o dereito de uso e explotación comercial, ben directamente ou a través de terceiros, nun marco de salvagarda dos intereses de cada unha das partes, asegurándose que non se ocasionan danos ou prexuízos mutuamente.

Este marco de salvagarda establecerase entre as partes, que se comprometen a subscribir un contrato de cotitularidade en virtude do que se establecerán as porcentaxes de titularidade da patente ou outros títulos de



protección que se soliciten, a asunción de custos de solicitude, extensión internacional e mantemento dos devanditos títulos, a toma de decisións con respecto aos contactos e negociacións de contratos de licenza ou colaboración con terceiras partes relacionados cos devanditos títulos, a repartición dos potenciais ingresos xerados polos devanditos contratos, así como calquera outros aspectos referidos ao marco de protección de explotación dos resultados que considerasen de interese.

3. Tanto en publicacións, como en patentes e outros títulos de propiedade industrial e intelectual, respectarase sempre a mención aos autores das investigacións que, nestas últimas, figurarán en calidade de inventores ou autores intelectuais.

OITAVA. VIXENCIA

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura por todas as partes e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

No caso de que non se alcanzaran os resultados previstos no prazo establecido e as partes considerasen oportuna a súa continuación, a citada duración poderá prorrogarse con anterioridade á data da súa finalización, mediante acordo expreso e por escrito das partes formalizado nunha addenda; non podendo exceder en calquera caso dos 5 anos de vixencia de conformidade co disposto nos artigos 34.1.a) e 34.2 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

En todo caso, aínda cando se produza a finalización da vixencia do convenio, as partes manterán as obrigas de relativas a confidencialidade da información e dos resultados, así como as relativas á propiedade de tales resultados.

NOVENA. MODIFICACIÓN

Este convenio poderá ser modificado por acordo unánime das partes. A modificación efectuarase mediante a subscripción da oportuna addenda ao convenio e sempre dentro do prazo de vixencia do mesmo.

DÉCIMA. EXTINCIÓN

De acordo co previsto no artigo 51.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución, segundo o establecido no apartado 2 do mesmo artigo:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.





- b) O acordo unánime das partes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

